



ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E PENTATLÓN
MODERNO

(Santiago de Compostela, 04/11/2016)

Asisten: Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), José Angel Fernández Martínez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), José Antonio Blanco Vila (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo), Antonio Pérez Montecelo (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), José Manuel Mosquera Vello (Club Triatlón Mar de Vigo), Óscar Silguero García (Nosportlimit), Rogelio Ferreira Sánchez (Triatlón Motobike Galáico Pontevedra), Raúl Blanco Porto (Deportistas), Lorena García Lago (Deportistas), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Jaime Ruíz del Ganso (Técnicos), Miguel Angel Fernández Vázquez (Organizadores), Mónica Flores Ferreiro (Oficiais); Adrián Vázquez Fernández, Luís Piña Refojos, Enrique J. Hidalgo Lugo, Florindo José González González, Roberto Gómez Álvarez, Santiago Escudero, Juan Antonio Gómez Álvarez, Francisco Javier Liste Boquete, Alejandro Lamela (Asesoría) e Ánxeles Otero Trigo.

Ábrese a sesión ás 20:38 horas

Antes de comezar os temas da orde do día, o Presidente dá a benvinda a todos os presentes e fai a presentación do novo membro da Xunta Directiva, D. Santiago Escudero, pertencente ó Club Natación Pabellón Ourense, co obxectivo de relanzar o Triatlón na provincia de Ourense.

Dende o Club Monte Penarubia Running chegou á Federación a solicitude para poder asistir á Asemblea un representante do club (Antón Prieto) co obxectivo de presentar a proba solicitada polo club.

O Presidente, Óscar José Suris, pregunta se alguén se opón a súa presenza na sala.

Mónica Flores di que ela non se opón, pero que se se lle deixa estar presente nesta ocasión se deberá facer sempre a calquera que o solicite, tendo presente que na anterior Asemblea se negou a presenza de calquer persoa allea á mesma, polo que por coherencia se se lle deixa nesta ocasión deberase facer sempre.

O Presidente resposta que non é posible trasladar esta decisión a futuras Asembleas, que cada membro pode exercer o seu dereito de negarse cando o considere.

Acórdase que poda pasar.

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea anterior:

A acta foi enviada a todos os membros da Asemblea e está publicada na web da Federación, polo que se decide que non é precisa a súa lectura.

Apróbbase por unanimidade.

2. Informe Deportivo de Triatlón e Péntatlon Moderno da tempada 2016:

O Presidente, Óscar José Suris, procede á lectura e exposición do informe deportivo dos nosos deportes da tempada 2016. Adxúntase documento (Anexo I)

Apróbbase o informe por unanimidade.

3. Presentación e aprobación, se procede, dos Orzamentos 2017:

Alejandro Lamela (Asesor) fai a exposición dos orzamentos que se presentan (documento adxunto).

Procédese á votación dos orzamentos para a tempada 2017:

Votos a favor: 14

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Antonio Pérez Montecelo -Cidade de Lugo Fluvial –motivado por non ter recibido a documentación en tempo suficiente)

Quedan aprobados os orzamentos da Tempada 2017.

4. Regulamentos e Normativas para a tempada 2017

PROPOSTAS NORMATIVAS, REGULAMENTOS E ORGANIZACIÓN:

REGULAMENTO DE COMPETICIÓN FEGATRI

- **Modificación do Art. 2.- Campión galego e campioa galega**
O Campión Galego e a campioa galega de calquera modalidade, salvo os da categoría Cadete de Triatlón, Duetlón e Nada e Corre Escolar que se regularán especificamente no artigo 3.2, terán que estar en posesión de licenza galega de tempada ...
Aprobado por unanimidade.
- **Modificación do Art. 3.2 do Campionato Galego Cadete**
Os Campionatos Galegos da categoría Cadete das modalidades Duetlón, Triatlón e Nada e Corre disputaranse na Final Escolar de cada modalidade que será aberta a participantes con licenza federativa de tempada ou licenza escolar.
Aprobado por unanimidade.

****CAMPIONATOS ESCOLARES- NORMATIVAS**

Exposición de normativas escolares presentadas, pendentes de confirmación da SXD que son os que obrigan estes cambios

Na normativa presentada á SXD (XOGADE) incluímos os cadetes de 3º ano xa que a organización realmente corre a cargo da FEGATRI. Estamos á espera de que permitan mesturar na competición os federados cos mutualizados en deporte escolar, pero senón sería preciso aprobar como se vai facer.

Revisar e deixar claro para as tres modalidades que afectan a Menores o feito de que o Cpto Galego, xa que o organiza en todo caso a Federación estaría aberto a Cadetes do ano 2000, aínda que finalmente non aceptasen que participen nos clasificatorios escolares.

****Valorar se a Final Galega de Duetlón Escolar debería disputarse sobre a distancia oficial Escolar (promovéndoo de cara a próximas edicións xa que os regulamentos escolares deben mandarse cada tempada antes da Asemblea de normativas).**

Votación:

Manter as distancias do escolar (7 votos a favor)

Cambiar as distancias do Triatlón para os cadetes (3 votos a favor)

Acórdase manter a distancia escolar

Triatlón de Menores/ Escolar.- Modifícase a normativa que existía, especialmente no referente ao circuito de menores e a clasificación de clubs facendo esta última simplemente para cada categoría polo tempo dos tres mellores.

PROPOSTAS A ACORDAR

- Continuar ou non coa clasificación de circuito igualmente, tendo en conta as dúas fases previas (non clasificatorias) simplemente por motivar a participación de deportistas e clubs .
Acórdase continuar coa clasificación de circuito por unanimidade.
- Na medida en que nesta tempada temos tres probas presentadas a circuíto en caso de acordar a continuidade no ámbito federativo do mesmo, ver a posibilidade de que sexan 3 ou máis



probas as que entren ao mesmo, repartindo o total da subvención orzamentada sen superar o tope individual que estaba establecido para cada proba 2.000€ no caso de que se celebren menos de tres)

(O orzamento proposto para repartir nos circuitos de menores para 2017 é de 6.000€)

Acórdase aceptar as tres probas presentadas a circuíto por unanimidade.

Acórdase o reparto do orzamento (6.000€) entre as catro probas (as 3 do circuíto e a do Campionato Galego) por unanimidade.

- PROPOSTAS a votar en caso de aprobar circuíto.

Puntuar as clasificatorias máis a Final Galega dando dobre puntuación á galega tal e como estaba

Puntuar as dúas mellores probas e máis a Final Galega dando dobre puntuación a esta.

Acórdase que para a confección do circuíto de menores puntuarán as dúas mellores probas clasificatorias máis a Final Galega (Cto. Galego) que puntuá dobre. Votación: 14 votos a favor e 1 abstención.

Valorar continuar facendo a maiores a clasificación de clubs tendo en conta as táboas aprobadas para promover a participación.

Acórdase mantelo por unanimidade.

- **Aclaración do Art. 5.2)**

5.2) Distribución. As invitacións concederanse a mulleres e homes en función da clasificación no Campionato Galego da tempada anterior feminino ou masculino respectivamente.

a) Os tres primeiros clubs masculinos disporan de 3 invitacións masculinas e os 3 primeiros femininos de 3 femininas.

b) Do 4º ao 6º de 2 e 2

...

Aprobado por unanimidade.

- **Art. 6.4) Custes das probas.**

Temos establecido o custe máximo para probas de circuíto. Debemos aclarar se só o aplicamos a probas de circuíto de Duatlon e triatlon de Estrada especificamente xa que crea confusións á hora de traballar cos organizadores.

- Valorar e acordar se marcamos límites para outro tipo de probas coma as de distancia olímpica, sen drafting que non teñen un canon diferenciado por exemplo coma as de Media e Longa.

- Valorar e acordar a aplicación ás probas abertas ou populares.

Acórdase que o artigo 6.4 queda como está e engádese ó artigo 7.7 o seguinte texto: excepto o custo da inscrición que será libre.

- **Art. 7.8) Premio económico en probas que cobren inscrición**

Modificar o premio económico e engadir a posibilidade de que o premio económico se substitúa por material con valoración económica, ou outra posibilidade.

Acórdase eliminar este punto. Votación: 14 votos a favor e 1 abstención.



• **Art. 8.5) Clasificacións**

Proponse establecer un modelo homologado en EXCELL cuns campos específicos para enviar á FEGATRI para o seu tratamento xunto á clasificación para publicar.

Engadir apartado ao artigo

- 8.5 c) As clasificacións deberán ser confeccionadas polo organizador e enviadas á FEGATRI para a súa publicación, seguindo o modelo do Regulamento Oficial de Competicións. Así mesmo enviarase unha clasificación en excell á FEGATRI na que se incluírá o DNI dos participantes para o seu tratamento.

Aprobado por unanimidade.

- 8.5 b) Modificar engadindo aclaración- Para confeccionar as clasificacións individuais finais dos clasificatorios e campionatos galegos non se terán en conta os deportistas.....Si se terán en conta como postos válidos ós deportistas independentes con licenza galega e ós de outras CCAA que posúan licenza por un club galego.

Aprobado por unanimidade.

• **Art. 8.6) Ausencia no podio de deportistas que teñan premio**

Establecer procedemento para velar polo cumprimento deste artigo que unha vez máis non se aplicou.

Acórdase que o DT da proba recolla os datos dos infractores e incorporar a todos os regulamentos dito artigo.

ANEXO –NORMAS DE ORGANIZACIÓN

• **Art. 1. Licenza de Organizador.-**

Aclarar este artigo que presenta dúbidas.

OPCIÓN

- Necesidade de ter xa licenza de organizador, xa no momento da solicitude da proba.- Considerar a necesidade de ter un vínculo federativo para poder optar á presentación de solicitude aínda que sexa fin de tempada.

Aprobada esta opción por unanimidade.

- Necesidade de ter licenza na tempada na que se organizará simplemente.- Presentando coa solicitude documento asinado e pagamento que comprometa a licenza e o seu abono para o primeiro día da tempada seguinte.

- Engadir un apartado onde se inclúa que o organizador deberá asinar un contrato/convenio coa Federación coas garantías que se establezan para confirmar esta no calendario oficial.

Acórdase redactar o documento e elevalo á Asemblea.

• **Art. 2. Subvención organización de probas (Devolución 250€ aos organizadores de probas)**

- Aclarar a que organizadores.

- Engadir Cptos Galegos de Dúatlon e Triatlón de Estrada considerándose dentro dos postos circuitos clasificatorios

- Circuitos No Draft ?



- Cptos Galegos?
- Clubs que organizan calquera proba oficial?

Acórdase a non devolución do canon e que o montante da mesma (2.000,00€) se reinventa nos premios económicos do Campionato Galego de Triatlon Sprint . Votación: 13 votos a favor e 2 votos en contra (Lorena García Lago e José Manuel Mosquera Vello –CT Mar de Vigo).

Acórdase que total correspondente a dita devolución (2.000,00€) sexa invertido nos premios económicos do Campionato Galego de Triatlon Sprint que corresponden ós/ás deportistas . Votación: 13 a favor, 2 abstencións.

- **INFORMES PROBAS-** Incumprimento de obrigas de seguridade. Tráfico aberto, medios, voluntarios,....

- Valorar e aprobar a creación dun contrato tipo cunhas obrigas a cumprir por cada parte e con mínimos e penalizacións entre organizador e FEGATRI .

- Valorar e aprobar aval a estas probas.

Acórdase redactar o documento e elevalo á Asemblea.

- **INSCRICIÓNS PROBAS POPULARES OU ABERTAS OFICIALES**, especialmente Cptos Galegos e probas con límite de inscritos

Valorar e acordar a posibilidade de salvagardar intereses federados, especialmente para probas con moita demanda, dando igualmente opción a participantes asegurados de un día pero tentando facer unha equivalencia máis xusta aplicando medidas correctoras nas probas con límite e campionatos galegos.

Propostas

- Marcar uns prazos para non prexudicar aos organizadores, por exemplo unha semana, na que se daría prioridade aos federados ou a cada club segundo número de licenzas nunhas porcentaxes sobre os non federados que sempre terían reservada unha porcentaxe menor que asegurase a súa participación. A partir dese primeiro prazo estaría aberta a todos por igual

1ª semana/ días X

- Reserva % inscrición a cada club
- Reserva % inscrición a federados

2ª semana aberta a todos en igualdade

Establecer data e a partir dela abrir a todos por igual, elaborando tamén desde o primeiro momento listaxes de espera. (Ver a nivel administrativo/programa a posibilidade real de aplicación)


Acórdase mantelo como está neste intre. Votación: 13 votos a favor e 2 abstencións.

- **INSCRICIÓNS A TRAVÉS DE PLATAFORMAS PRIVADAS DO ORGANIZADOR**

Estase a permitir nas probas de Media e Longa Distancia que abonan un canon específico por número de participantes. Ao non ser un procedemento automático, vinculado aos datos da Base Federativa; a Federación debe cotexar manualmente todos os participantes para comprobar que están federados, que os datos que poñen nestas plataformas son correctos,.... e facturar ao organizador as licenzas de un día)

Valorar e acordar a posibilidade de aplicación a outras probas.

Votación sobre a liberalización das inscricións de todas as probas:



Votos a favor: 1 Óscar Silguero García (Nosportlimit).

Votos en contra: 13 Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), José Angel Fernández Martínez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), José Antonio Blanco Vila (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo), Antonio Pérez Montecelo (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), José Manuel Mosquera Vello (Club Triatlón Mar de Vigo), Rogelio Ferreira Sánchez (Triatlón Motobike Galáico Pontevedra), Raúl Blanco Porto (Deportistas), Lorena García Lago (Deportistas), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Jaime Ruíz del Ganso (Técnicos), Mónica Flores Ferreiro (Oficiais).

Abstencións: 1 Miguel Angel Fernández Vázquez (Organizadores).

Non se aproba a proposta.

• **PROBAS CLASIFICATORIAS CPTO GALEGO .-**

Valorar posibilidade de dar praza de invitación aos 3,2,1 primeiros de cada categoría do circuito aínda que non se clasificaran.

Acórdase mantelo como está regulado neste momento, por unanimidade

Con respecto a isto podería cumprirse co aspecto, xa contemplado no regulamento FEGATRI, de poñer nos campionatos galegos un tempo de corte ou ben dobrado/ eliminado segundo o número de voltas dos circuitos

• **CIRCUÍTO NO DRAFT-**

• Revisar Puntuación de Longa Distancia fronte ao resto. Algúns deportistas considerárona excesiva.

Acórdase mantelo como está regulado neste momento, por unanimidade

• **OFICIAIS- Tarifas**

Tarifar Control de Material para estas probas, cando se fai o día anterior e ao que acoden dependendo da participación 4-6 oficiais repartindo a xornada entre 2-3 horas dependendo da proba.

Proposta.-20 €/ Media xornada (Mañá ou tarde)

O Delegado ou Delegada Técnica organizarán os controles cos oficiais necesarios e repartindo se fose necesario a xornada en turnos rotatorios, dividindo o importe entre eles.

Aprobado por unanimidade.

SUBVENCIÓN ORGANIZACIÓN PROBAS DUATLON CROS

Valorar e acordar posibilidade de subvencionar ao organizador de probas de Duatlon Cros.

Tendo en conta que son probas deficitarias de moi baixa participación de cara a apoiar ao organizador e que el poida utilizar medios de promoción coma por exemplo baixar as inscricións podendo igualmente asumir os gastos.

Proponse subvencionar, nesta vindeira tempada 2017, ós organizadores de probas de Duatlon Cross con a cantidade de 400 euros que serán descontados do importe dos xuíces.

Votos a favor: 13

Votos en contra: 2 Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol)

Abstencións: 0

Apróbase a proposta.



5. Calendario 2017:

Adxúntase documento co calendario da vindeira tempada 2017 (Anexo II).
As probas pendentes trataran de pecharse nas vindeiras semanas (Menores, Acuatlon)
Apróbase por unanimidade.

6. Varios:

Licencias 2017: prezos e seguro deportivo.

A Federación adhiúrese ó programa da Secretaría Xeral Para o Deporte de 6 a 16 anos para a tempada 2017, o que implica que o custo do seguro dos rapaces comprendidos entre os 6 e 16 anos estará subvencionado pola Secretaría, polo tanto o prezo das licenzas dos menores e dos cadetes de primeiro e segundo ano quedarían da seguinte maneira para a tempada 2017:

MENORES: 15 euros

CADETES (de 1º e 2º ano): 25 euros

Mónica di non estar de acordo con que os cadetes teñan prezos distintos (para os de 1º e 2º ano un prezo e para os de 3º outro), xa que disfrutan dos mesmos servizos polo que non o ve xusto. Como a Xunta só subvenciona ós de 1º e 2º ano, di que habería que buscar unha fórmula para equiparar o custo das licenzas desta categoría.

Votación da proposta (custo licenza menores 15 euros e cadetes de 1º e 2º ano 25 euros):

Votos a favor: 7

Votos en contra: 1 Mónica Flores Ferreiro (Oficiais).

Abstencións: 0

Apróbase a proposta.

O resto de prezos de licenzas queda como está a espensas da nova prima que se nos aplique por parte do seguro de accidentes deportivos.


A Asemblea autoriza á Comisión Delegada da FEGATRI para que, no caso de que o seguro modifique os prezos, sexa quen se encargue da aprobación dos prezos das licenzas pendentes para a vindeira tempada 2017.

Aprobado por unanimidade.

Non habendo máis intervencións. Levántase a sesión ás 02:58 horas do 5 de Novembro de 2016.



Asdo.: Mª de los Ángeles Otero Trigo
Secretaria



Asdo.: Óscar J. Suris Regueiro
Presidente